



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de COMPOSICIÓN para o CMUS Profesional do Concello de Ribeira (Expte. 2024 PSEL000029),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 16:30 horas do día 25/10/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 1.- INICIO DO PROCESO SELECTIVO. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE MÉRITOS."

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:

Nº	Apelidos e nome	Experiencia profesional (máx. 6 puntos)	Formación (máx. 4 puntos)	Total (máx. 10 puntos)
1º	Cabaleiro Somoza Rodrigo	1,22	0,75	1,97
2º	Conti Sánchez David	0,02	3,8	3,82
3º	Fernández Belmonte Iván	0	0	0
4º	Galera Martínez Sandra	0	2,05	2,05
5º	García Tojeiro Alicia	0	0,80	0,80
6º	González Díaz Julián	1,66	1,75	3,41
7º	Rivas García Saúl	0,34	1,35	1,69

SEGUNDO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

TERCEIRO.- De conformidade coa Base 10.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de UN (1) día hábil, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

CUARTO.- Convocar ós/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo para que o **día 08 de novembro do 2024, ás 9:00 horas se presenten no Conservatorio de Música**





Profesional do Concello de Ribeira, sito na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 21, para a realización da fase de oposición, de conformidade coa Base 10.1.2 das que rexen este proceso selectivo.

Os/as aspirantes acudirán provistos/as do seu Documento Nacional de Identidade.

QUINTO.- Acordar e publicar os criterios xerais de avaliación e cualificación dos exercicios de análise e composición que conforman o primeiro exercicio da fase de oposición, do xeito que se refire a continuación:

EXERCICIO DE ANÁLISE MUSICAL.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

Esta proba valorase con **15 PUNTOS** distribuídos do seguinte xeito:

1. Aspectos Formais: Recoñecer a forma da peza ou fragmento delimitando correctamente as seccións, tanto da micro coma da macroforma. **(ata 2 puntos).**

2. Aspectos harmónico-tonais. Identificación da tonalidade principal e tonalidades secundarias.

Identificación do tipo de linguaxe/s harmónico/s utilizado/s (modal, tonal, tonal-modal, tonal expandido, atonal, dodecafónico, etc.).

Identificación de procedementos e recursos harmónicos destacables:

- procedementos modulatorios.

- clasificación de acordes característicos do estilo da obra e do compositor/a: acordes de catro, cinco ou máis sons, acordes alterados, acordes paralelos ou mixturas, harmonía por terceiras, cuartas ou segundas, poliacordes, politonalidade, etc.

- adornos melódicos característicos **(ata 4,5 puntos).**

3. Aspectos temáticos. Construcción fraseolóxica: delimitación e denominación de temas principais, delimitación de elementos secundarios (enlaces, transicións...) identificación de elementos estruturais nas codas, similitudes e diferencias entre materiais temáticos, derivacións, progresións, imitacións. **(ata 3,5 puntos).**

4. Textura e timbre. Disposición do material musical e das partes instrumentais no espazo, combinacións instrumentais, recursos tímbricos. **(ata 1 punto).**

5. Contextualización: ubicación estética e histórica da obra establecendo relacións da obra co estilo correspondente. Posible autor. Relación da obra coa estética do compositor/a **(ata 2 puntos).**

6. Capacidade de estruturación da análise que facilite a comprensión da mesma así como o emprego dunha terminoloxía precisa e unha correcta ortografía. **Capacidade de sintetizar a análise** con claridade sen divagacións e recheos innecesarios. **(ata 2 puntos).**

EXERCICIO COMPOSITIVO.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Esta proba valorase con 15 PUNTOS repartidos en **dúas partes: técnica e artística.**

PARTE TÉCNICA (ata 9 puntos).

Valorarase:

1. A ausencia de faltas que afecten á corrección harmónica: quintas e oitavas sucesivas e resultantes, duplicacións, intervalos e xiros melódicos defectuosos, realización das 7^{as}, utilización correcta das notas estrañas e correcta relación baixo-melodía: **(ata 3 puntos)**
2. A adecuada utilización dos procesos modulatorios: **(ata 2,5 puntos)**
3. A realización correcta das técnicas do contrapunto imitativo no que se destaque o interese das voces. O correcto encaixe dos motivos rítmicos de acompañamento pianístico. **(ata 2 puntos).**
4. A correcta técnica de escritura pianística de cara á interpretación, (texturas, rexistros, posicións dos acordes, redobramentos, fragmentacións rítmicas da harmonía...) **(ata 1,5 puntos)**

PARTE ARTÍSTICA (ata 6 puntos)

Valorarase:

1. A coherencia formal, que se concretará nos aspectos de exposición, breve desenvolvemento e reexposición: **(ata 1 punto).**
2. A riqueza da linguaxe, valorándose o proceso modulatorio de toda a obra, utilización oportuna de disonancias, utilización de recursos contrapuntísticos e melódicos **relacionados co arranque dado** e riqueza rítmica: **(ata 3 puntos).**
3. A unidade de estilo e creatividade **(ata 2 puntos):**
 - Moverse dentro do sistema tonal ou modal que aparece na obra.
 - Desenvolvemento de elementos temáticos extraídos do fragmento que se propón.
 - Desenvolvemento de elementos rítmicos extraídos do fragmento que se propón.
 - Capacidade de transformación de elementos relacionándoos co estilo da peza.

SEXTO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015BA6F00K2G6D005H4M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 28/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2024 15:23:00

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000029

Fecha: 20/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015BA6F00K2G6D005H4M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 28/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2024 15:23:00

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000029

Fecha: 20/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

